

TARTARUGA

Revista do CEE Saladino Cortizo EDL

CURSO
2023/2024



ÍNDICE

LIMIAR.....	3
HOXE COMEMOS ENSALADA.....	4
RECOMENDACIÓNS LECTORAS.....	7
OBRADOIRO PLASTICONTOS.....	8
AUDICIÓE LINGUAXE PRIMARIA E SECUNDARIA.....	9
VOU A ENFERMARÍA.....	10
PROXECTO “O UNIVERSO”.....	11
TIC PRIMARIA E SECUNDARIA.....	12
OS MAIOS NO SALADINO 2024.....	14
EDUCACIÓN FÍSICA E DEPORTE.....	16
DÍA DA CIENCIA.....	18
“O MEU PASO POR UN CENTRO MOI ESPECIAL”	19
NON É UN ADEUS.....	22
“UNHA VIDA ADICADA AO SALADINO CORTIZO”	24
SOMOS UNS ARTISTAS.....	27
LECTURAS CON COMUNICADORES.....	28
SOMOS AGRICULTORES!.....	30
OBRADOIRO DE TEATRO.....	32
UN CONTO TERRORÍFICO.....	33
DIFERENTES INTERESES.....	34
“O ENCAIXE DE BOLILLOS, MÁIS QUE UNHA AFICIÓE”.....	36
PRETALLER.....	38
EXCURSIÓE A MANZANEDA	39
EXCURSIÓE FIN DE CURSO.....	40
DÍA DA ÁRBORE.....	42
DEPOEMPRENDE.....	43

LIMIAR

TES NAS TÚAS MANS A REVISTA TARTARUGA DO CPEE. SALADINO CORTIZO DO CURSO 2023/2024.

TRÁTASE DUNHA ESCOLMA DALGUNHAS DAS NUMEROSAS E INTENSAS ACTIVIDADES QUE DESENVOLVEMOS AO LONGO DE TODO O CURSO DENDE PRIMARIA ATA OS PROGRAMAS FORMATIVOS.

HAI MÁIS, MOITAS MÁIS QUE PODEDES SEGUIR NA PÁXINA DO NOSO CENTRO EDUCATIVO. DE CANDO EN CANDO BOTARLLE UNHA OLLADA Á NOSA REVISTA, E Á NOSA PÁXINA “REFRÉSCANOS” A MEMORIA A TODOS E TODAS, ESPECIALMENTE AO ALUMNADO. NON O DEIXEDES DE FACER

UN APARTADO ESPECIAL AS ENTREVISTAS ÁS NOSAS VETERANAS MARTA BARROS E CONCHI MARTÍNEZ, QUE ADICARON MOITOS ANOS DA SÚA VIDA PROFESIONAL AO ALUMNADO, ÁS FAMILIAS E A QUE SALADINO CORTIZO SE CONVERTIRA EN REFERENTE EDUCATIVO. SAÚDOS AGARIMOSOS.

UNHA PÁXINA CENTRAL PARA O ALUMNADO QUE XA REMATA UNHA PARTE DA SÚA ETAPA ESCOLAR. A EDUCACIÓN CONTINÚA AO LONGO DE TODA A VIDA. NON VOS ESQUEZADES DE VOLTAR DE VISITA.

AS VACACIÓNS CONVÉRTENSE NUN NOVO PERIODO PARA PODER FACER COUSAS DIFERENTES. EN SETEMBRO AQUÍ ESTAREMOS DESOXOS E DESEXOSAS DE INICIAR UN NOVO CURSO.

DISFRUTADE!!!

O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

TODOS OS E AS PROFESIONAIS DO CPEE. SALADINO CORTIZO.



HOXE COMEMOS... ENSALADA

Hoxe o alumnado de primaria comeu unha estupenda ensalada de ovo, atún e leituga

Moito traballo levounos facer a ensalada, queredes saber que fixemos?

Tiñamos que conseguir os ingredientes así que... Primeiro tivemos que preparar a terra para plantar as nosas leitugas.



Regamos as leitugas... volvemos a regalas





HOXE COMEMOS... ENSALADA

Apañamos as leitugas



As lavamos e cortamos.



Uns días antes esollamos e debullamos unhas espigas de millo



Levamos o millo ao galiñeiro para que comeran as galiñas






HOXE COMEMOS... ENSALADA

Despois recollemos os ovos e os botamos a cocer con moito coidado. Quitámoslle a casca con moita paciencia e os cortamos en anacos



Os profes trouxeron o atún. Mesturamos os ovos coa leituga e o atún e...







Deunos traballíño pero quedamos moi...



RECOMENDACIÓNS LECTORAS

Durante o presente curso académico o lema para as Bibliotecas Escolares Galegas foi “unha biblioteca en viñetas”, por isto e para disfrutar das vacacións de verán deixámosvos unha selección dalgúns cómics que atopamos interesantes



OBRA DOIRO PLASTICONTOS




PIC•COLLAGE



**AUDICIÓN E LINGUAXE
PRIMARIA E SECUNDARIA**





PROXECTO "O UNIVERSO"

2ºG



O ALUMNADO DE SECUNDARIA G ESTIVO TRABALLANDO SOBRE O UNIVERSO

BUSCAMOS INFORMACIÓN

BUSCAMOS INFORMACIÓN A TRAVÉS DE LIBROS, INTERNET E APPS DE REALIDADE AUMENTADA



USAMOS OS ESCORNABOTS

ASÍ APRENDEMOS COUSAS SOBRE O TAMAÑO E A DISTANCIA DOS PLANETAS AO SOL




EXPERIMENTAMOS



FIXEMOS PROBAS COS MATERIAIS COS QUE SE FABRICAN AS NAVES E AS ESTACIÓNS ESPACIAIS. PROBAMOS A CONDUCTIVIDADE DA ELECTRICIDADE, A DUREZA, A DENSIDADE...
ALGÚNS MATERIAIS SON: ALUMINIO, MADEIRA, PLÁSTICO...


XOGAMOS MOITO



FIXEMOS MOITOS XOGOS COA PANTALLA COMO: MEMORIES, ENCHER OS OCOS, CONTESTAR PREGUNTAS... E PARA REPASAR TODO O APRENDIDO CONCURSAMOS CON KAHOOT


CREAMOS OS NOSOS PLANETAS

PENSAMOS COMO SERÍA O NOSO PLANETA E O CREAMOS CON DIFERENTES MATERIAIS COMO PINTURAS, CARTÓN, POREXPÁN...



PROGRAMAMOS CON MAKEY MAKEY


PROGRAMAMOS CON SCRATCH E CO MAKEY MAKEY. PROGRAMAMOS OS SONS, CONECTAMOS OS CABLES E XA
PODÍAMOS ESCOITAR AS EXPLICACIÓNS SOBRE OS NOSOS PLANETAS
PARA REMATAR FIXEMOS UNHA PRESENTACIÓN PARA TODO O COLE



TIC en Primaria e Secundaria




Ordenadores





Pantalla dixital

Traballamos co contido interactivo creado polas mestras en función dos nosos intereses ou das conmeracións.

Tamén fixemos debuxos co paint, escribimos en word....



Makey Makey



**Un grupo tivo o seu primeiro contacto co Makey Makey Ohhh !!!
Se tocabas a plastilina sonaban os bongos, a plastilina eran as teclas!**

Escornabots

Manipulamos os escornabots, movéronse cara adiante, cara atrás, deron voltas sobre si mesmos...

Aproveitamos todos eses movementos para facer un debuxo. Como disfrutamos !



Lápices 3D

Gustounos facer as flores para o mural de primavera do corredor verde.



Os Maios no Saladino 2024

Como xa vai sendo habitual no C.E.E. Saladino Cortizo, este ano tamén celebramos o día dos Maios, e dende a Aula de Música do noso centro elaboráronse as coplas de Maios e



preparouse a súa interpretación por parte do alumnado. As coplas de Maio son unha tradición moi arraigada e estendida en Galicia. Consisten nunha serie de versos que se cantan xeralmente con melodías tradicionais ao redor dos Maios, que son esas elaboracións florais e vexetais que xa todas e todos coñecemos. A orixe destes versos poden ser tradicionais ou inventados e a temática adoita ser de catro tipos:

- Sobre o propio maio; incluíndo as que fan referencia a Ferradás, personaxe recorrente nas coplas de maio.
- As que falan sobre o paso do tempo, os ciclos anuais e a natureza.
- As que piden cartos ou comida, por exemplo pan ou “maias” ou “maiolas”, que son castañas conservadas.
- As de crítica social ou que falan de temas actuais.

As coplas de Maio do Saladino deste ano 2024 son un compendio destas catro temáticas e parten de versos tradicionais con adaptacións e novas elaboracións realizadas por Alejandro, o mestre de música, e Xoan Carlos, mestre do Ciclo de Secundaria e coordinador do E.D.L.G. E a música coa que se cantan é unha melodía tradicional aportada polo mestre Xoan Carlos.

Melodía de Maio tradicional de Redondela

Mus: Tradicional
Ltr: Tradicional / A. Lorenzo / X. C. González
Informante: Xoan Carlos (Redondela)

$\text{♩} = 84$

Pa - ra fa - cer es - te Ma - io ti - ve -
mos que ir a rou - bar o fi - un - cho e mai - las flo - res a ca -
sa de Fe - rra - días.

As coplas de Maio adóitanse cantar acompañándose de ritmos feitos con paus e de forma responsorial, é dicir, un solista canta a copla e logo todo o grupo repite a mesma copla ao unísono. Na interpretación das coplas durante a celebración dos Maios os solistas foron: Adrián, da clase de Pre-taller; Iván, de 2ºE; Javi, de TVA-C; Ana, de xardinería; Sara, de 2ºB; e Unai de TVA-D. Deste xeito había solistas representantes dos tres ciclos nos que se organiza o noso centro.



Estas foron as coplas de Maio deste ano 2024:

Estes Maios que traemos
fixémoslos todos nós
coa axuda destes mestres
que non sempre son tan bos.



Para facer estes Maios
tivemos que ir a roubar
o fiúncho e mailas flores
a casa de Ferradás.

Bote castañas señora,
bote castañas se ten.
Bote castañas señora
e un cacho de pan tamén.

Dirixiches este cole
con tenrura e con paixón
botarémoste de menos
directora Concepción.



A xente do Saladino
somos todos moi legais.
Se acaso ofendemos
saberannos perdoar.



Xa se vai abril chorando,
xa chorando abril se vai.
Vai entrando o Maio tolo
con gañas de festexar.



A ACTIVIDADE FÍSICA MOI PRESENTE NO DÍA A DÍA.

Este curso o centro participou no programa ``Proxectos de Vida Activa e Deportiva – PVAD`` no marco do Plan Proxecta.

A actividade física e o deporte en xeral sempre supuxeron unha motivación especial para o noso alumnado. E este curso especialmente, xa que a práctica deportiva e a actividade física estiveron presentes no día a día grazas ao programa ``Proxectos de Vida Activa e Deportiva-PVAD``.

Ademais das dúas sesións de EF á semana tal e como establece o currículo, leváronse a cabo outras actividades físicas e deportivas no centro para traballar e acadar diferentes obxectivos.

Un exemplo de estas actividades son:

- Cursillo de natación na piscina de Lavadores; os venres, un grupo de 20 alumnos/as aprenden a desenvolverse no medio acuático.
- As competicións da FGDA. No centro temos o equipo deportivo do Saladino que participa nas diferentes competicións. Este curso o equipo está formado por 24 alumnos e alumnas de Programas Formativos. Adestran os xoves, para preparar as diferentes competicións e chegar nas mellores condicións posibles.
- Os patios divertidos. No terceiro trimestre organizáronse os patios divertidos os martes e mércores coa finalidade de integrar ao alumnado que o precise ás dinámicas de grupos e a interacción social a través de xogos regrados.
- Preparación de bailes para os festivais. A música e a actividade física son unhas ferramentas imprescindibles para a preparación de bailes, moi motivantes para o alumnado.
- Saídas á contorna do centro ou as propostas polos superheroes do centro SaladinaWoman e SaladinoMen.



O EQUIPO DO SALADINO PRESENTE NAS COMPETICIÓNS DA FGDA.

Un curso máis o equipo deportivo do Saladino Cortizo está presente nas distintas competicións e campionatos organizados pola Federación Galega de deporte adaptado.

Equipo composto por un grupo de 22 alumnos e alumnas de ciclos formativos. Estes alumnos/as representaron ao centro nas diferentes competicións e campionatos.

Acudiron aos campionatos de Natación, en Mos. Aos Campionatos de Pista cuberta en Ourense e de Campo a través en Pontevedra.

En todas estas probas, os nosos deportistas acadaron postos de podio e en xeral moi bos resultados.

Por outra banda están as ligas de fútbol sala, baloncesto e fútbol 8, compostas por 3 xornadas ao longo do ano. O ano pasado fomos campións da liga de baloncesto na categoría adaptada e acadamos postos de honra nas outras ligas.

Nestas competicións destaca o compañeirismo entre os diferentes equipos e a ilusión dos deportistas por mellorar e intentar superarse.





DÍA DA CIENCIA



O 10 DE ABRIL O **GRUPO DE TICS** DA BIBLIOTECA DO CICLO DE TRÁNSITO Á VIDA ADULTA, COMEZAMOS A CELEBRAR O **DÍA DA CIENCIA** CUN EXPERIMENTO SUPER CHULO. CREAMOS UNHA **LUZ DE ARCO DA VELLA**.



SE QUEREDES FACELO SÓ TEDES QUE:

1. CORTAR UN ANACO DE FIXO E PEGALO NO BURACO.




2. PINTAR RAIAS DE CORES CON ROTULADORES.



3. E ALUMAR CUNHA LANTERNA DENDE ABAIXO.



NOS SEGUINTES DÍAS SEGUIMOS EXPERIMENTANDO. ESTA VEZ ELABORAMOS UNS **"VERMES DE PAPEL"** E FIXEMOS UN POUCO DE MAXIA COA **"BANDEXA VOADORA"**.



OS DEIXAMOS UN **CÓDIGO QR** CO VÍDEO E AS ACTIVIDADES QUE FIXEMOS NA AULA. ¡ANIMÁMOSVOS A QUE O PROBEDES!



REVISTA TARTARUGA



“O meu paso por un centro moi especial: O Saladino Cortizo”



MARTA BARROS

Mestra de Primaria, especialista en Pedagogía Terapéutica

Hoxe a revista Tartaruga chega a todos nós a través do son das palabras, grazas ó Programa da Radio Escolar: Ponte nas Ondas. Entrevistamos a profe: Marta Barros, quen leva vintecatros anos no Saladino e está a piques de *saborear* a súa Xubilación.

Alumnos/as TVA-PFFPB-AL

“DENDE A REVISTA TARTARUGA PARA Ó MUNDO...”

Revista Tartaruga-RT-Cómo ou cando soubeches que te querías adicar á docencia?

Marta Barros-MB -Bos días! A verdade é que dende moi xovenciña xa pensaba en exercer esta profesión pola influencia da miña madriña, que era mestra. Tamén pensei na posibilidade de estudar Químicas pero decidín que os meus pais poderían asumir mellor os estudos de Maxisterio. Inda que non foi a miña primeira opción, pronto sentín que era moi vocacional.

RT-Apoiarónte na casa na túa decisión?

MB-Sí, lémbrome dunha noite na que o meu pai sentouse conmigo e díxome que inda que xa tiña un fillo estudando en Santiago, farían todo o posible se eu tamén quería ir.

RT-Ónde cursaches os estudos de Maxisterio e qué lembrs daqueles anos?

MB-Estudiei en **Vigo**, na **Escola de Maxisterio** que está ó lado do Seminario e preto da miña casa, incluso podía ir camiñando. Alí fixen moitos, moitos amigos; un deles foi o inspector que temos agora no colexio e outra foi a Directora Conchi. Ela tamén estudou conmigo naqueles anos.

RT-Qué é o máis bonito de ser profesora?

MB-O máis bonito é estar cos nenos, eles danche moita alegría, moitas emocións...

RT-En cantos colexios traballaches ó longo da túa vida profesional?

MB-Traballei en varios colexios, empecei en **Campo Lameiro**, (Pontevedra), logo en **Peitieiros**, (Gondomar) e, máis tarde, estiven varios anos no **Seis do Nadal de Vigo**. Co tempo, marchei para **Barrantes** (Tomiño), e, despois ó **Saladino**, onde remato a miña carreira profesional.

RT-En qué curso chegaches ó Saladino Cortizo? e, cántos anos levas nel?

MB-Eu cheguei ó Saladino no ano 2000, polo cal é moi sinxelo sábelo, levo **vintecatros anos**.



Primeiros tempos no Saladino

RT-Qué foi o que te “engachou” á Educación Especial?

Eu levaba tempo coas oposicións de maxisterio por matemáticas pero era imposible entrar, así que fun por **Pedagogía Terapéutica**. Dende que aprobei estiven *encantada da vida*.

RT-Adicaches moitas horas ó colexio, ¿foi doado combinar a vida persoal e laboral?

MB-A verdade é que sí. Eu tiven a sorte de chegar con **Conchi** ó mesmo tempo, polo que coma xa nos coñecíamos e tiñamos fillos das mesmas idades, pasamos longas horas no Saladino e os maridos tamén, currraron moito, dou fe!. Os nosos fillos, téñenlle moito cariño o cole.

RT-Por cántos ciclos educativos pasaches durante todo este tempo no Saladino ?

MB-Empecei no Saladino no ciclo de Primaria, encatábanme os pequenos. Coa mestra Sofía, descubrín o **Teatro** e por ela fun o segundo ciclo. Finalmente, marchamos a Tránsito á TVA.



Sesión de Xogos, alumnos TVA e Ana Celeiro (compañeira)

RT- Un bo momento ou especial no Saladino...

MB-Uf!, moitos, os **festivais de Nadal** e os de **fin de curso**, viñan os nosos fillos e estabamos coma nunha familia. Tamén pasei anos moi difíciles e os alumnos axudáronme moito.

RT-Un momento a esquecer ou moi complexo no Saladino...

MB-Sintooo!, non podo... (Silencio)- (Aplausos de todos e unha forte aperta da alumna Nerea)

RT-Cando empezaches a traballar co Teatro?

MB-Como xa dixen foi da man da mestra **Sofía**, fará uns quince anos.

RT-Qué pensas que lles aporta ós nosos alumnos?

MB-Moitísimo, dalles **confianza** neles mesmos, **enriqueceos**, **úneos...**



Grupo de Teatro Saladino Cortizo, Auditorio Cocncello de Vigo

RT-Un reto por conseguir nos vindieros anos na Educación das persoas con Discapacidade:

MB-O primeiro é pensar non dende a discapacidade, senon dende as posibilidades de cada quen. Todos somos diferentes e non todos temos que facer o mesmo. O importante é crecer.

RT-Qué planes tes ou qué te gustaría facer a partires da túa xubilación?

MB-Non fago moitos planes porque teño que coidar da miña nai pero gustaríame viaxar.

RT-Completa as frases: O mellor ano da túa vida profesional: **MB-O 2000**, chegada ó Saladino.

RT-A mellor experiencia cos alumnos: **MB- O Teatro**, sin duda.

RT-Un desexo para o Saladino Cortizo

MB- Que siga innovando e que siga traballando pola Educación Especial.

RT- Moitas Grazas, Marta!En nome de todos os alumnos do colexio e, en especial dos de **TVA**, **querémoste dar as grazas polo teu traballo, o teu compromiso e por tantos momentos vividos a carón de ti. Moitísima sorte na túa nova etapaj.**

MB-“Bueno, sorte a miña de poder estar aquí!, eh? Grazas a todos!”

Non é un adeus



Espero que os vayáis bien y alegre y Contentos y que vengais muy pronto

Esteluz @ Mellorpez Compostores 107



Vou que meza moza



VAMOS a botarvos DE ME+OO

¡Te nos roba el par de vosa vidas!



Espero que te vaya bien
bien entoda a dia
que encontres tus guinos co
y que consigas tus suenas
y que se hagan realidad.♥
y que te rias mucho.♥
Te quiero.♥

Muchas gracias
Te quiero.

DESPEDIAMOS XA:



Claudia



Xa despedimos este ano tres compañeiros:
Sabela / Pedro e Claudia!

Agora o final de curso despediremos a:
David / Yago e Rui

Desexamoslles moita sorte na nova etapa da
sua vida.

Que seades moi felices.



Yago



REVISTA TARTARUGA

“Unha Vida adicada ó Saladino Cortizo”



CONCEPCIÓN MARTÍNEZ, "CONCHI"

Mestra de Primaria, Especialista en Pedagogía Terapéutica-Directora(2003-2023)

Con motivo da xubilación de Conchi e por ter sido a DIRECTORA deste colexio durante 20 anos, fainos moita ilusión a todos/as compartir cos lectores esta entrevista tan especial.

Alumnos/as PFFPB e Pretaller-AL

“DENDE A REVISTA TARTARUGA PARA Ó MUNDO...”

Revista Tartaruga- RT- Cómo ou cando soubeches que querías adicarte á docencia?¿Foi a túa primeira opción vocacional?

Conchi- C Moi boas! Eu souben que quería adicarme a docencia dende bachiller, a miña primeira opción sempre foi Maxisterio.

RT- Onde cursaches os estudos de Maxisterio e qué lembrs daqueles anos?

C-Estudiei en **Vigo**, na **Escola de Maxisterio**, e os recordos que gardo, a verdade, é que son xeniais. Había moito traballo en equipo e compañerismo.

RT- En cantos colexios traballaches ó longo da túa vida profesional?

C-A verdade é que non en moitos. O primeiro destino foi no colexio de Caldelas, pertencente a Tui, e logo de recorrer Porriño e Riveira déronme a definitiva, no curso 1991-92, no Pedro Caselles de Tomiño. Alí tamén fun directora e estiven moi contenta ata o 1999, ano no que cheguei ó Saladino Cortizo, onde levo **vintecinco anos**.

RT- Cal foi o motivo polo cal chegaches ó Saladino Cortizo?



Primeiros tempos no Saladino

C-O motivo foi mellorar a conciliación da vida laboral e familiar despois do nacemento do meu segundo fillo: Manuel.

RT-Lembras os nomes dos rapaces ós que lle diches clase no teu primeiro ano no Saladino?

C-Sí, claro, Cristina, Pedro, Prudencio...Tiña uns chicos moi bos e axudáronme moito. Como era nova dicíanme: “profe, agora tes que descansar e ir tomar o café” e acompañábanme.

RT_ Resume, en poucas palabras, o que significou para ti ser Directora do Saladino.

C-Significou traballar en equipo con todo o persoal que do centro e o, máis importante, significou traballar para vós, os rapaces e rapazas do cole.

RT- Adicaches moitas horas ó colexio, ¿foi doado combinar a vida persoal e laboral?

C-Non foi moi difícil, inda que, as veces, sí que hai cousas que tes que deixar. Os meus fillos xogaron moito neste cole, axudábanos e acompañábanos nalgunhas competicións deportivas. Penso que hai que por un pouquiño da parte de todos e así é fácil conciliar.

RT-Cal é o teu segredo para seguir con tantas forzas despois de todo este tempo?

C-Creo que non hai segredo, o importante é que che guste o teu traballo e facelo con ganas. Para vir traballar ó Saladino Cortizo: “tes que vir con forzas”



Alumnos de PFFPB e Pretalle (Reporteiros desta entrevista)

RT-Dinos un momento moi bo no Saladino:

C- Eu destacaría o momento en que a Xefatura Territorial concedeunos a **renovación do centro**. Entón comezou unha nova etapa, un espazo cómodo con novos talleres e proxectos.

RT-Un momento a esquecer ou moi complexo no Saladino:

C-Algúns problemas serios dos nosos alumnos que, as veces, non conseguimos resolver.

RT-Qué cambios aprezas na Educación Especial e na integración das persoas con discapacidade ó longo da túa traxectoria profesional?

C-Cambiou moito todo, antes non había **integración** e a Consellería quería pechar os centros de Educación Especial coma o Saladino Cortizo. Pasamos de 33 alumnos antes ós **115** de hoxe.

RT-Un reto por conseguir nos vindieros anos na Educación das persoas con Discapacidade:

C-O mesmo de hoxe: **“axudar as persoas a encontrar o seu sitio”**, onde se sintan ben.

14.RT-Cómo te sintes nestes intres a piques de comezar a xubilación?

C-Síntome ben, non estou preocupada nin nerviosa. Sei que ven unha etapa distinta e que vou **botarvos moito de menos**. Penso que o que deixamos atrás vai a estar sempre ahí.

15. RT-Qué planes tes ou que te gustaría facer a partires de rematar o teu tempo en activo?

C-Os meus planes non van cambiar moito, o que vai cambiar é vir a traballar tódolos días.

RT-Define cunha palabra ou idea o que te suxiren estes elementos do entorno educativo:

RT-Alumnos : Compañerismo e ilusión; **RT: Familias:** Esfuerzo; **RT: Compañeiros** : Traballo en equipo.

RT-Un desexo para o Saladino Cortizo:

C-O meu desexo é que siga **MEDRANDO** e cumprindo os seus obxectivos cos **ALUMNOS/AS**.



RT-¡Moitas Grazas por tanto, Conchi. Polo teu labor, a túa entrega e compromiso. Grazas de corazón! 🍷

SOMOS UNS ARTISTAS

ESTE CURSO PASAMOLO MOI BEN MONTANDO AS PEZAS DOS TRABALLOS E PINTANDO COAS NOSAS CORES FAVORITAS. MOITAS VECES ELIXIMOS A COR VERMELLA. AS VECES MEDIMOS AS PEZAS E LIXAMOS ATA QUE QUEDARAN BEN. NOUTROS TRABALLOS USAMOS MOSAICOS E ESTIVEMOS MOI ATENTOS PARA QUE QUEDARAN BEN COLOCADOS E PEGADOS.



OUTRAS VECES FIXEMOS DEBUXOS. QUEDAMOS ALUCINADOS CO BEN QUE O FAI UN DOS NOSOS COMPAÑEIRO. FIXO DEBUXOS DE TODOS!!!



TVA C

Na aula multisensorial do corredor laranxa, desfrutamos ao longo do curso de propostas coma as seguintes:

VERÁN COS SENTIDOS

- 

1 COLLE OS TACOS DE MADEIRA, CHÉIRAOS E ASOCIA O SEU CHEIRO.
- 

2 COLLE PLANTAS E PÉGAAS NA CAIXA CON PAPEL ADHESIVO. EXPERIMENTA CON ELAS.
- 

3 MESTURA ESPECIAS CON AUGA E PINTA CON ESAS PINTURAS NATURAIS.
- 

4 EXPERIMENTA COAS FLORES EN XELATINA.

AULA MULTISENSORIAL TVA

ACTIVIDADES DE OUTONO

- SLIME COMESTIBLE** 
- PINTAR CO OUTONO** 
- BUSCAR O OUTONO** 
- MEMORY DO OUTONO** 

Actividades por SAMAIÑ

na aula multisensorial do corredor laranxa



- EXPERIMENTACIÓN: POLVOS MULTISENSORIAIS**
USAR UNHA PAPELA CON DIFERENTES CORES PARA IDENTIFICAR O CHEIRO DE DIFERENTES POLVOS.
- ARTE: PRODUCCIÓN DE SOMBROS**
USAR UNHA PAPELA DE DIFERENTES CORES PARA IDENTIFICAR O CHEIRO DE DIFERENTES POLVOS.
- MESA DE LUZ: EMPAQUETA SOMBROS**
USAR UNHA PAPELA DE DIFERENTES CORES PARA IDENTIFICAR O CHEIRO DE DIFERENTES POLVOS.
- SENSORIAL: UNHA PAPELA DE DIFERENTES CORES**
USAR UNHA PAPELA DE DIFERENTES CORES PARA IDENTIFICAR O CHEIRO DE DIFERENTES POLVOS.

AULA MULTISENSORIAL TVA

PROPOSTAS DE INVERNO

- SELOS DE INVERNO** 
- EXPERIMENTOS CO XEL** 
- TEMPERATURAS** 
- BUSCA AS FIGURAS** 

Aproveitando os comunicadores, cada alumno de TVA-A e B recitou os versos do poema que escollimos previamente. Algún de nos animouse a compoñer en casa un. Así foi a posta en escena:




Para a labor, no Grid 3 empregamos paneis coma estes:

 <p>Antiquísima, de Luisa Villalta. Esa son e u, rubindo unha e outra vez as escadas dun mundo posíbel</p>			
			

SOMOS AGRICULTORES!



Os rapaces de Transito á Vida Adulta (aula E) traballamos na horta.



Preparamos a terra do noso bancal e sementeiros no invernadoiro.



Plantamos leitugas, ravos, allos e amorodos.



E preparamos os testos con flores para o noso patio de aula.



Pasámolo moi ben e aprendemos moito!

OBRA DOIRO DE TEATRO

OS ALUMNOS DE TVA
PARTICIPARON NAS:
XIV XORNADAS
MUNICIPAIS DE
TEATRO CON DUAS
OBRAS: "PEXE ARCOIRIS"
"LIMÓN, LIMÓN"





peixe arcoiris



limón

TAMÉN PARTICIPAMOS
NUN INTERCAMBIO
CO RIA DE VIGO.

NOS, PRESENTAMOS AS
NOSAS OBRAS E ELES
INVITARONNOSA PARTI-
CIPAR NUNHAS OLIMPIA-
DAS MOI ESPECIAIS.
O IMPORTANTE É QUE O
PASAMOS XENIAL.



TVA

UN CONTO TERRORÍFICO

ERASE UNHA VEZ UN DIA CHEO DE BOMBARDEOS, MORTE E DESTRUCCIÓN.
UN DIA CHEO DE MEDO E TERROR.

HABIA UN CONFLICTO EN GAZA. DISPAROS DE BOMBAS DESDE O AIRE, O MAR
E A TERRA, QUE DERRUMBABAN OS EDIFICIOS E AS CASAS. OS MORTOS E
FERIDOS ERAN MOITISIMOS.

ESCUCHANSE SIREAS E GRITOS, NO PARAN DE CAER BOMBAS DURANTE
TODO O DIA E TODA A NOITE. A XENTE NO SABE ONDE METERSE.

É UNHA HISTORIA FEITA DE MEDO E PARÁ A XENTE DE GAZA CONVIERTESE
EN UNHA PESADILLA. MILES DE MORTOS. A XENTE PENSANDO EN VOLVER AS
SUAS CASAS. É UNHA HISTORIA TERRORIFICA.

XENTE MORTA DE MEDO ,DE FAME, DE AUGA.

QUE PARE XA A GUERRA DE UNHA VEZ.

HAY QUE MANTENERSE EN CALMA E QUE A XENTE VOLVA O ANTES POSIBLE
AS SUASS CASAS E RECUPEREN SUS VIDAS.

DAVID



MATEO



ESTAMPAMOS
SONRISAS

MATEO

PINTAMOS
POMPAS

DIFERENTES INTERESES

TVA-F

CRISE AMBIENTAL DOS PELETS.

Paréceme moi triste que a Xunta despois un mes do vertido dos pelets inda non fixera nada para retirar o vertido das nosas praias .

Paréceme mal e perigoso porque tanto os peixes como os mariscos poden confundilos con comida e provocar que morra todo o marisco e os peixes : calamares, pulpos, merluzas ...

Eu espero que canto antes os políticos poñanse a traballar porque a nosa xente , al igual que co prestis , xa montón unha mareas de voluntarios para limpiar as praias , coas súas peneiras, guantes, capachos, gorros e chaquetas .

Todo o mundo poden colaborar .

DAVID



MATEO



MATEO



COLUMNA
PELES

PUZZLES

REVISTA TARTARUGA



ENTREVISTA: LOLI (Coidadora de PFFPB e Palilleira)

Alumnos de Peiteado- PFFPB

“O Encaixe de Bolillos máis ca unha afición”

Alumnos- Cómo se chama esta afición que hoxe nos ves mostrar ó Saladino Cortizo?

Loli- Chámase Encaixe de Bolillos e as persoas que o realizamos chámannos: **Palilleiras**. Somos case todas mulleres, inda que hai algún homes que tamén o practican.

AP-Cómo xurdiu o teu interese polo Encaixe de Bolillos?

L-Á miña nai, gustábanlle moito as labores artesanais e foi ela quen me levou á Escola de Artes e Oficios de Vigo.-a ela sempre gustoulle o encaixe e coma ela non puido ir a clases, levoume a min.

AP A qué idade comezaches esta labor?

L-Comecei ós 18 anos, primerio na Escola de Artes e Oficios de Vigo e logo cursei os estudos superiores de encaixe.

A **Xunta de Galicia** leva tempo promovendo esta tradición e concede o recoñecemento oficial de Artesá, título que tiven a sorte de recibir.

AP-Coñeces a orixe desta artesanía na nosa terra e a que lugares ou tempos se remonta?

L-A súa orixe tivo lugar no **século XV** na cidade de **Venecia** por ser unha cidade moi rica grazas ó comercio . A Galicia chegou fai máis de 500 anos, dende países coma Italia, Francia, Austria e Países Baixos.

AP-Explícanos, por favor, en que consiste o Encaixe de Bolillos?

L-Trátase de tecer con fíos de alta calidade un tecido seguindo un modelo debuxado a man para poder replicalo cos palillos.

As nosas avoas xa adornaban manteis, sábás e panos con estes traballos.

Son verdadeiras xoias.



AP-Que materiais e elementos precísanse para poder elaborar as marabillas que facedes?

L--As bobinas chamadas **bolillos** que poden ser galegos (madeira de boj), extremeños ou cataláns os meus preferidos son os galegos. Con estes bolillos faise unha musiquiña ó traballar moi característica. Tamén é necesario a **almofada**, sobre a cal realízase a labor e, por suposto, os **fíos** de algodón, liño, seda...

AP-Qué te aporta a ti, a nivel persoal, o Encaixe de Bolillos?

L-É moi relaxante e mellora a miña concentración.

AP-Nos tempos que corren de tecnoloxía e Intelixencia Artificial, pensas que esta tradición artesanal pode ter o seu espazo?

L-Hoxe xa se están a facer encaixes con **Intelixencia Artificial** pero o artesana, feito con tempo, ten sempre unha calidade moi superior. A miña mantelería levoume tres anos rematala.

AP-¿Pensas que o encaixe e a moda actual pódense combinar dun xeito atractivo?

L-Sí, é de feito estase a facer. Diseñadores coma Lorenzo Caprile utilizan nas súas prendas encaixe de Camariñas para vestir a personalidades. Ademáis, os xuices levan encaixe de camariñas nas mangas das togas, chamadas: *Puñeteras*.

AP-Qué lle dirías a xente máis nova para que se acerquen a coñecer e practicar o Encaixe?

L-Invítoa a facer unha viaxe a exposición do encaixe na Semana Santa de Camariñas.

AP-Onde pódese aprender a facer Encaixe na nosa cidade?

L-Na Escola de Artes e Oficios de Vigo.

AP-Loli, m oitas grazas polas túas palabras e a túa mostra.

amizade

xogos



diversión

Arte

xardinaria

marquetería



Básicas



ledicia



emocions

Tic

Fogar




excursións

Música

E.F.

Peiteado



compañeir@s

Excursión a Manzanaeda

O luns foi o primeiro día para ir o campamento. Antes de chegar paramos en Allariz e cruzamos o río Arnoia. Fumos a unha fábrica antiga que agora é un museo de coiro.

Paramos a merendar, dimos un paseo e subimos a unha montaña. Ali, vimos a bandeira de Galicia.

Mois tarde, subimos o bus e chegamos á campamento.

Merendamos na cafetería e, logo, fomos á piscina a nadar.

O martes escalamos rochederos, fixemos tiro con arco e xogamos a fútbol. Tamén fixemos xogos e vimos a neve. Fíxese moita frío.

Os profesores que foron con nós eran Conchi, Iream, Onetes e Marta.

Fun a dixestión a bailar e, o mércores, voltamos á casa.

Diego Gregorio Colado F.P.B

EXCURSIÓN FIN DE CURSO

Este ano fixemos unha excursión de fin de curso a Cabeza de Manzaneda.

O luns 13 de maio chegamos todos os compañeiros de Programas Formativos dende a casa coas maletas. Esperamos un pouco, miramos que estivera todo ben preparado, collemos a comida para o primeiro día e xa nos subimos ao autobús para marchar a excursión.

De camiño fixemos unha parada en Allariz, demos un paseo polo pobo e despois comemos no parque.

Cando rematamos de comer xa seguimos a ruta para Manzaneda.

Cando chegamos fixemos o reparto de habitacións, todas eran compartidas, durmiamos sete ou oito en cada unha, a verdade é que estivemos moi a gusto.



Despois fomos a piscina e fixemos un montón de actividades ata a hora de cear.



O martes 14, levantámonos as oito, fomos almorzar e tiñamos previsto facer algunhas actividades ao aire libre, ruta de sendeirismo e parque multiaventura, pero como nevou tivemos que

quedarnos no pavillón, tanto pola mañán coma pola tarde.

Fixemos actividades moi divertidas, subimos polo rocódromo, xogamos ao fútbol... Para rematar esa noite no albergue tivemos música e discoteca.



O mércores 15 era o último día, e unas compañeiras de Lavandería, Laura e Nerea, tiveron que madrugar moito porque marcharon a un campionato de baristas a Boiro co seu profe Iván.



Os demais quedamos no albergue e recollemos as nosas cousas para preparar as maletas para a volta. Todo o día fixemos actividades moi chulas e tamén aproveitamos para dar un paseo e comprar algún recordo da viaxe.

Foi unha viaxe moi chula, pasámolo xenial cos compañeiros e compañeiras.




DÍA DA ARBORE

O día vinte oito de maio celebramos o Día da Árbore, organizado pola Comunidade de Montes de Cabral, xunto con outros colexios da zona, o CEIP Santa Mariña, o CEIP Sello e o CEIP Carballal.

Para anunciálo fixeron un concurso de carteis e o que saíu elixido foi o que fixo o noso compañeiro Jose, de Xardinería.

Saimos tódolos cursos ao monte que está na entrada do colexio e alí pasamos a mañán.

O primeiro que fixemos foi plantar unha árbore cada colexio, axudaron tódolos rapaces e rapazas que quixeron, despois soltamos pombas e fixemos xogos.



Tamén veu un paiaso, o paiaso Popin, e fixo un show.

Ao remate, déronnos un bocata, unha auga e unhas palas de regalo.

Pasámolo xenial compartindo o tempo cos nosos compañeiros e con rapaces e rapazas doutros colexios.

PF de FPB

AS COOPERATIVAS DO SALADINO CORTIZO

Somos un equipo de emprendedoras e emprendedores que cursamos ciclos de Formación Profesional. Creemos nas nosas capacidades e queremos que as nosas actuacións contribúan a xenerar igualdade, responsabilidade e coidado da contorna que nos rodea.



As nosas cooperativas son : a cooperativa **OS CORTIZOS**, integrada polo alumnado dos ciclos de Formación Profesional de Xardinaría B, Carpintería, Reprografía e o Pre- Programa Formativo. Con respecto a outra cooperativa chámase , a cooperativa **P.D.A.**, formada polo alumnado dos ciclos formativos de Lavandería, Xardinaría A e Peiteado.





Revista enmaquetada y encuadernada por el PF de Reprografía.